

Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 69, do 22.10.1986. Corrección de erros: BOPG núm. 79, do 12.11.1986.

Emendas, BOPG núm. 87, do 2.12.1986.

Debate de totalidade, DSPG núm. 39, do 10.2.1987.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 220, do 24.2.1988.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 251, do 4.5.1988. Corrección de erros: BOPG núm. 252, do 6.5.1988.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 252, do 6.5.1988.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 87, do 10.5.1988.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 257, do 21.5.1988.

Corrección de erros: BOPG núm. 264, do 8.6.1988.

Diario Oficial de Galicia núm. 104, do 1.6.1988.

Boletín Oficial del Estado núm. 176, do 23.7.1988.

Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia

Pola Lei 4/1991 foron modificados os artigos 25, 27, 59, 60 e 62 e mailas disposicións transitorias segunda, terceira, cuarta e oitava (que quedaron sen contido) e, ademais, engadíuselle a esta lei o artigo 73 e mailas disposicións transitorias novena, décima, décimo primeira, décimo segunda, décimo terceira e décimo cuarta e a disposición adicional sétima.

Pola Lei 8/1992 foi modificado o artigo 33.

Pola Lei 4/1993, de servicios sociais, foille engadida unha letra f) ó artigo 25.2.

Pola Lei 1/1994, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1994, foi modificado o artigo 64.2.b) e suspendida a vixencia do artigo 29 para o ano 1994.

Pola Lei 3/1995 foron modificados os artigos 3, 6, 7, 12, 13, 27, 29, 30, 42, 46, 48, 49, 52, 53, 55, 56, 58, 59, 60, 64 e 70 e mailas disposicións adicional terceira e transitoria décimo cuarta; tamén lle foron engadidos os artigos 56 bis e 63 bis, as disposicións adicionais oitava, novena, décima e décimo primeira e as transitorias décimo quinta e décimo sexta.

Pola Lei 11/1996, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, foi modificado o artigo 52 e a disposición adicional décimo primeira.

Producida en gran parte a transferencia de medios e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co novo concepto da organización territorial do Estado contida no Título VIII da Constitución, faciáase senti-la necesidade imperiosa de organizar e estrutura-la Función Pública de Galicia.

Esta estrutura había que levala a cabo dentro do marco sinalado pola Lei 30/1984, do 2 de agosto, de acordo co artigo 149.1.18.º da Constitución e respetando o espírito do artigo 103 da mesma, e sempre de acordo coa capacidade e competencia autoorganizativa da Comunidade expresada no artigo 28.1 do seu Estatuto de Autonomía.

Como se deduce facilmente, a lexislación estatal non lle deixa unha marxe moi ampla neste aspecto concreto á autonomía da Comunidade, que, loxicamente, debe respetar inescusablemente por imperativo legal. Por outra banda, en caso de dúbida ou conflito coa lexislación estatal haberá que aterse ó disposto por esta, de acordo co artigo 149.3 *in fine* da Constitución e coa Sentencia do Tribunal Constitucional do 11 de xuño de 1987.

Dentro deste contexto e sen renunciar ó herdo recibido —Estatuto de Bravo Murillo de 1852, Estatuto de Maura de 1918, Lei articulada de Funcionarios Civís do Estado de 1964, entre outros—, intentouse estruturar unha Lei da

Función Pública desde as perspectivas dos intereses da Administración, que deben coincidir co ben común, sen por iso desequilibra-lo status persoal dos seus servidores e buscando a súa optimización, con base nos principios xerais que rexen a ciencia da organización, os de racionalidade, eficiencia e economía.

Todo o anterior debe levarse a cabo sen esquecer a homoxeneidade co resto dos funcionarios públicos, e tendo en conta que a mesma Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, declara o carácter provisional dos seus preceptos en tanto non se desenvolva na súa integridade o mandato constitucional, que, en cumprimento do Título VIII, pode ser practicamente indefinido no tempo. É imprescindible, polo tanto, a vontade política de levar a feliz termo o cumprimento desta Lei para, en definitiva, darlle cumprimento ó obxectivo supremo do ben común.

A Lei estrutúrase internamente en cinco Títulos, seis Disposicións Adicionais, oito Disposicións Transitorias, dúas Disposicións Derrodeiras e unha Derrogoratoria.

No Título I defínese o obxecto e o ámbito de aplicación da Lei, que respecta as peculiaridades do persoal docente, investigador e sanitario e será de aplicación supletoria para o persoal ó servizo do Parlamento de Galicia; respecta tamén as peculiaridades do perso-

al laboral, que se regulará pola súa lexislación específica, e ten en conta a Lei 7/1985 e o resto da lexislación do Estado para o persoal da Administración Local, sen esquecer en ningún caso a independencia do Tribunal Superior de Xusticia.

No Título II enumérase e defínese o persoal ó servizo da Comunidade, que se estrutura, de acordo coa lexislación vixente e cunha xa longa tradición, en funcionarios, persoal eventual, persoal interino e persoal laboral. É fin primordial da Lei a complementariedade das súas funcións para acadalos obxectivos nela marcados.

No Título III créanse os órganos superiores competentes en materia de Función Pública. Dentro destes órganos, ó Conselleiro competente en materia de Función Pública ofrécese as suficientes garantías para levar a cabo o seu labor de coordinación, sen esquecer as competencias específicas dos demais Conselleiros, co obxecto de que a Administración non perda flexibilidade.

En tódalas medidas tomadas ou que no futuro se adopten dáselles gran importancia ós órganos colexiados, para conseguir así acerto nas decisións. Neles dáselles entrada, por outra banda, ós representantes do persoal no marco básico da Lei 9/87, do 12 de xuño.

No Título IV estrutúrase a organización da Función Pública.

Inténtase neste Título, e de acordo coas bases da Lei 30/1984, do 2 de agosto, romper coa rixidez dos antigos corpos e escalas, combinándoo coas relacións dos postos de traballo. Todo isto é posible mediante a organización do Rexistro Persoal, que estará coordinado co resto das Administracións Públicas. Todo o anterior facilitará o acceso á Función Pública, a mobilidade dos funcionarios e unha desexable obxectividade na provisión dos postos de traballo.

No Título V regúlase o rexime xurídico da Función Pública, abordando desde a adquisición e perda da condición de funcionario ata o rexime da Seguridade Social. Regúlase tamén a carreira administrativa. Neste punto é de destacar que, converténdose as relacións de postos de traballo no mecanismo clave para racionaliza-los efectivos da Administración Pública, será de suma importancia a agrupación das condicións de título, mérito e grao, ás que irán así mesmo unidas determinadas condicións retributivas. Por último, e tendo en conta, por unha banda, o compromiso asumido polo Goberno do Estado no parágrafo segundo da Exposición de Motivos da Lei 30/1984, do 2 de agosto, e, por outra, o fundamento 3.º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional do 11 de xuño de 1987, difírese a regulación autonómica dos dereitos, deberes, responsabilidade e rexime disciplinario a un momento legislativo posterior.

Nas Disposicións Adicionais créanse os corpos de funcionarios da Comunidade e nas Transitorias regularízase a situación de todo o persoal ó seu servizo.

Título I.— Obxecto e ámbito de aplicación.

Título II.— Persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Título III.— Órganos da Función Pública.

Título IV.— Organización da Función Pública.

Capítulo I.— Corpos de funcionarios.

Capítulo II.— O Rexistro de Persoal.

Capítulo III.— Relación de postos de traballo, provisión e oferta de emprego público.

Capítulo IV.— O acceso á Función Pública.

Capítulo V.— Mobilidade dos funcionarios das diversas Administracións Públicas.

Título V.— Rexime xurídico da Función Pública.

Capítulo I.— Adquisición e perda da condición de funcionario.

Capítulo II.— Situacións administrativas.

Capítulo III.— A carreira administrativa.

Capítulo IV.— Rexime retributivo.

Capítulo V.— Licencias, vacacións e permisos.

Capítulo VI.— Seguridade Social.

Disposicións Adicionais.

Disposicións Transitorias.

Disposicións Derradeiras.

Disposición Derrogatoria.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei da Función Pública de Galicia.

Título I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1

1. A presente Lei ten por obxecto ordenar e regular todo o persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento do seu Estatuto de Autonomía e no marco da lexislación básica do Estado.

2. Poderanse dictar normas especiais para adaptar esta Lei ás peculiaridades do persoal docente, investigador e sanitario.

Artigo 2

1. A Función Pública de Galicia

desenvolverase con suxección ó ordenamento xurídico de acordo cos principios de legalidade e eficacia.

2. O persoal da Administración Autónoma desempeñará as súas funcións ó servizo dos cidadáns e dos intereses xerais de Galicia con criterios de obxectividade, profesionalidade e imparcialidade.

Artigo 3

1. Esta Lei é de aplicación a todo o persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos.

2. No que non está reservado á lexislación do Estado, aplicaráselle esta Lei ó persoal da Administración Local.

3. O persoal laboral rexerese pola lexislación laboral e polos preceptos desta Lei que lle sexan aplicables.

4. Ó persoal ó servizo do Parlamento de Galicia, regulado polo seu Estatuto de Persoal previsto no Regulamento da Cámara, aplicaráselle con carácter supletorio a presente Lei.

5. Queda excluído do seu ámbito de aplicación o persoal do Tribunal Superior de Xusticia.⁽¹⁾

(1) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 3 foi modificado polo artigo 1 da Lei 3/1995.

Título II

Persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 4

O persoal ó servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia clasifícase en:

- a) Funcionarios.
- b) Persoal eventual.
- c) Persoal interino.
- d) Persoal laboral.

Artigo 5

Son funcionarios os que en virtude de nomeamento legal están incorporados á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia mediante relación profesional de carácter permanente regulada estatutariamente e suxeita a dereito público, ocupan prazas dotadas nos Presupostos da Comunidade ou se encontran nalgunha das situacións administrativas previstas na presente Lei.

Artigo 6

1. É persoal eventual o que en virtude de libre nomeamento dos Conselleiros e con carácter non permanente ocupa un posto de traballo considerado de confianza ou de asesoramento especial non reservado a funcionarios, e que co dito carácter figura na relación de postos de traballo.

2. A prestación de servizos en calidade de persoal eventual nunca poderá ser considerada como mérito para o acceso á condición de funcionarios, de persoal interino ou laboral nin tampouco para a promoción interna.

3. O Consello da Xunta de Galicia determinará o número de postos reservados ó persoal eventual, coas características e retribucións de cada un deles, dentro dos correspondentes créditos presupostarios consignados para o efecto.

4. O persoal eventual cesará automaticamente cando cese a autoridade á que preste a súa función de confianza ou asesoramento.⁽²⁾

Artigo 7

1. E persoal interino o que, con carácter transitorio, por razóns de necesidade ou de urxencia, debidamente xustificada e informada preceptivamente pola Comisión de Persoal, é nomeado para prestar servizos en prazas e postos de traballo vacantes reservados ós funcionarios e dotados presupostariamente, mentres non sexan ocupados por aqueles.

2. A selección deste persoal deberá efectuarse observando os principios de publicidade, mérito e capacidade, a prol de persoas que reúnan as condicións, os requisitos

(2) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 6 foi modificado polo artigo 2 da Lei 3/1995.

de titulación e demais esixidos legalmente para participar en convocatoria pública nas correspondentes probas selectivas.

3. O persoal interino cesará no seu posto logo de que a súa praza sexa cuberta por un funcionario en propiedade.

4. Os postos de traballo ocupados por persoal interino deberán figurar nos procedementos de provisión e na primeira e sucesivas ofertas públicas de emprego, excepto os supostos de substitución de funcionarios con dereito a reserva de praza.⁽³⁾

Artigo 8

Seralle aplicable ó persoal interino e eventual, por analogía e en canto sexa axeitado á natureza da súa condición, o rexime xeral dos funcionarios.

Artigo 9

1. É persoal laboral o que en virtude de contrato de natureza laboral, que deberá formalizarse, en todo caso, por escrito, ocupe postos de traballo clasificados como tales na relación de postos de traballo.

2. A selección do persoal laboral efectuarase de acordo coa súa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a

través do sistema de concurso ou de concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

3. Para a realización de traballos de carácter temporal e conxuntural, en postos desta natureza sinalados no artigo 25.2, e por razóns de necesidade ou urxencia que deberán ser debidamente motivadas, poderase contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente. O contrato deberase formalizar necesariamente por escrito. A Administración non poderá converter en fixa ou indefinida unha relación laboral de carácter temporal.

A contratación deste persoal non amparado polo disposto nos apartados anteriores dará lugar á responsabilidade persoal da autoridade ou do funcionario que a autorízase.

Artigo 10

Nin a prestación de servizos en rexime interino nin a contratación laboral temporal constituirán mérito preferente para o acceso á condición de funcionarios ou de persoal laboral con carácter indefinido, respectivamente. Non obstante, o tempo de servizos prestados poderá ser computado nos supostos de concurso-oposición e sempre que os servizos correspondan ás prazas convocadas.

(3) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 7 foi modificado polo artigo 3 da Lei 3/1995.

Título III

Órganos da Función Pública

Artigo 11

Son órganos superiores en materia de Función Pública:

A.— O Consello da Xunta de Galicia.

B.— O Conselleiro competente en materia de Función Pública.

C.— O Consello Galego da Función Pública.

Artigo 12

Correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia:

1.— Establece-los criterios da política de persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa coordinación e colaboración con outras Administracións Públicas.

2.— Aproba-los proxectos de lei en materia de Función Pública e a súa remisión ó Parlamento.

3.— Determina-las instrucións ás que se deberán ate-los representantes da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia na negociación coa representación sindical dos funcionarios públicos das súas condicións de traballo, así como darlles validez e eficacia ós acordos alcanzados mediante a súa aprobación expresa e formal, establecendo as condicións de traballo para os casos en que non se produza acordo na negociación.

4.— Establece-las instrucións ás que se debe ate-la representación da Administración da Comunidade na negociación colectiva co persoal laboral.

5.— Establecer anualmente os criterios para a aplicación do rexime retributivo dos funcionarios públicos e do persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.— Determina-los intervalos dos niveis de posto de traballo que lles corresponderán ós corpos ou escalas de funcionarios.

7.— Aproba-la oferta anual de emprego público.

8.— Aproba-las normas de clasificación e as relacións de postos de traballo da Administración, e acorda-la súa publicación.

9.— Aproba-la adscripción de corpos ou escalas a unha determinada Consellería, a proposta do Conselleiro competente en materia de Función Pública, así como a adscripción de postos de traballo a un corpo ou escala.

10.— Determina-los requisitos obxectivos para a adquisición dos graos superiores dentro de cada corpo ou escala, que se fundarán exclusivamente en criterios de mérito e capacidade.

11.— Establecer probas selectivas para fomento da promoción interna de conformidade cos termos previstos nos artigos 60 e 61 da presente Lei.

12.— Aprobar, cando proceda, as medidas para garanti-los servizos mínimos nos casos de exercicio do dereito de folga polo persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma.

13.— Aproba-lo plan de normalización lingüística da Administración Pública da Comunidade Autónoma.

14.— Decidi-las propostas de resolución dos expedientes disciplinarios que supoñan separación do servizo, logo dos informes e dictames preceptivos.

15.— Exerce-la potestade regulamentaria e tódalas atribucións en materia de persoal que lle atribúa a lexislación vixente.⁽⁴⁾

Artigo 13

1. Correspóndelle ó Conselleiro competente en materia de Función Pública o desenvolvemento xeral, a coordinación e o control da execución da política de persoal ó servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En particular, compételle:

2.1.— Velar polo cumprimento das normas de xeral aplicación en materia de Función Pública por tódolos órganos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, impulsar, coordinar e desenvolver-los plans, métodos de traba-

llo e medidas tendentes a melloralo rendemento dos servizos, a formación e a promoción do persoal.

2.2.— Mante-la adecuada coordinación cos órganos das demais Administracións territoriais competentes en materia de Función Pública.

2.3.— Exerce-la inspección xeral de servizos e a de todo o persoal da Administración Pública da Comunidade Autónoma.

2.4.— Proponerlle ó Consello da Xunta de Galicia os proxectos de normas de xeral aplicación á Función Pública. Cando se trate de proxectos normativos referentes a funcionarios suxeitos a un rexime singular ou especial, a proposta será a iniciativa conxunta co Conselleiro sectorialmente competente.

2.5.— Elabora-la proposta de relación de postos de traballo e a súa valoración, así como os cadros de persoal presupostarios en función da devandita relación e de acordo coa política de gastos en materia de persoal.

2.6.— A convocatoria e resolución dos concursos de traslados.

2.7.— Propoñe-la oferta anual de emprego público.

2.8.— A convocatoria de probas selectivas para ingreso nos corpos ou escalas da Administración da Comunidade, excepto persoal docente, investigador ou sanitario.

2.9.— O nomeamento de funcionarios e do persoal interino, así

(4) Reprodúcese a versión orixinal. O artigo 12 foi modificado polo artigo 4 da Lei 3/1995.

como a expedición dos correspondentes títulos, excepto persoal docente, investigador ou sanitario.

2.10.— A presidencia do Consello Galego da Función Pública.

2.11.— Resolve-las situacións dos funcionarios da Administración da Comunidade e os expedientes de incompatibilidades.

2.12.— A autorización para a adscrición en comisión de servizo a postos de traballo por tempo superior a tres meses ou que supoña cambio de Consellería ou localidade.

2.13.— Autoriza-las probas selectivas para persoal laboral fixo e a sinatura dos correspondentes contratos.

2.14.— Designa-la representación da Administración Autónoma en convenios colectivos de ámbito xeral ou que afecten a varias Consellerías.

2.15.— Emitir informe, conxuntamente coa Consellería de Economía e Facenda e con carácter previo á súa sinatura, sobre os convenios colectivos, acordos de extensión e adhesión a outros vixentes, retribucións salariais e, en xeral, sobre calquera autorización de melloras retributivas individuais ou colectivas.

2.16.— Exerce-las demais competencias que en materia de persoal lle atribúe a lexislación vixente.⁽⁵⁾

(5) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 13 foi modificado polo artigo 5 da Lei 3/1995.

Artigo 14

É competencia do Conselleiro de Economía e Facenda:

1.— Propoñerlle ó Consello da Xunta de Galicia, dentro da política xeral, económica e presupostaria, as directrices a que se deberán axustar os gastos de persoal da Administración Autónoma, e de forma específica a valoración, para os seus efectos retributivos, dos postos de traballo previamente clasificados.

2.— Autorizar calquera medida relativa ó persoal que poida supoñer modificacións no gasto.

Artigo 15

Correspóndelles ós Conselleiros:

1.— Exerce-la xefatura do persoal do seu departamento e a súa inspección.

2.— O exercicio das potestades disciplinarias, excepto a separación do servizo, conforme ás disposicións vixentes.

3.— Emitir informe sobre a adscrición dos corpos e escalas á súa Consellería.

4.— A provisión de postos de traballo clasificados como de libre designación, logo de convocatoria pública.

5.— A proposta da relación de postos de traballo.

6.— Autoriza-la asistencia a cursos de formación e perfeccionamento.

7.— A concesión de comisión de servizos de duración inferior a tres meses, dentro da súa Consellería.

8.— En relación cos funcionarios pertencentes a corpos ou escalas adscritos ó seu departamento:

a) A convocatoria e resolución dos concursos de traslados.

b) O nomeamento do persoal interino.

c) O recoñecemento da adquisición do grao persoal e trienios.

d) Resolve-las situacións administrativas dos funcionarios.

Artigo 16

1. O Consello Galego da Función Pública é o órgano superior colexiado de asesoramento e participación en cuestións comúns de Función Pública das distintas Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Integran o Consello:

a) O Conselleiro competente en materia de Función Pública, que será o presidente.

b) O Conselleiro de Economía e Facenda, que será o vicepresidente.

c) O Director Xeral que teña ó seu cargo a Función Pública, que será o secretario.

Vocais:

d) O Director da Escola Galega de Administración Pública.

e) O Director Xeral de Presupostos.

f) O Director Xeral que teña atribuída a área da Administración Local.

g) Os Secretarios Xerais Técnicos das Consellerías.

h) Cinco representantes das Corporacións Locais.

i) Sete representantes do persoal designados polas organizacións sindicais en proporción á súa representatividade respectiva.

Artigo 17

Correspóndelle ó Consello Galego da Función Pública:

a) Emitir informe no prazo que regulamentariamente se determine, e non superior, en todo caso, a dous meses, sobre os anteproxectos de lei e proxectos de regulamento relativos á Función Pública, a petición das diferentes Administracións Públicas.

b) Emitir informe no prazo que regulamentariamente se determine, e non superior, en todo caso, a dous meses, sobre aquelas disposicións ou decisións que teñan relevancia en materia de persoal e que lle sexan consultadas polas distintas Administracións Públicas de Galicia.

c) Deliberar, logo de consulta, sobre as medidas necesarias para a coordinación da política de persoal e aconsella-la adopción daquelas dirixidas a melloralas.

organización, as condicións de traballo, o rendemento e a consideración social do persoal ó servizo das Administracións Públicas de Galicia.

d) Estudiar e propoñer medidas de homologación dos sistemas de selección, formación e perfeccionamento para facilitar a mobilidade entre as distintas Administracións Públicas de Galicia.

e) Estudiar e propoñer medidas de homologación dos programas de perfeccionamento dos funcionarios na Escola Galega de Administración Pública.

f) Estudiar medidas sobre valoración de postos de traballo, niveis e retribucións.

g) Estudiar e propoñer medidas referentes ó establecemento, funcionamento e coordinación dos rexistros de persoal das Administracións Públicas de Galicia.

h) Estudiar e propoñer medidas tendentes á coordinación da Administración Pública de Galicia con outras Administracións Públicas.

i) Estudiar e propoñer medidas tendentes á coordinación da oferta pública de emprego das distintas Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

l) Coñecer e emitir informe sobre calquera outro asunto que lle sexa sometido a iniciativa das Administracións Públicas de Galicia.

Artigo 18

1. A Comisión de Persoal configúrase como un órgano colexiado de coordinación, asesoramento e documentación para a elaboración da política de persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma.

2. Terá a composición que o Goberno Galego estableza por Decreto e exercerá as seguintes funcións:

1.^a.— Como órgano de coordinación, fixar criterios xerais nas seguintes materias:

a) Clasificación, valoración e relación de postos de traballo.

b) Aplicación do rexime de retribucións previstas na Lei 30/1984, do 2 de agosto.

c) Bases de concesión de complementos de produtividade e gratificacións.

d) Condicións de traballo e promoción do persoal.

2.^a.— Como órgano de asesoramento, emitir informe previo con carácter preceptivo no prazo máximo de un mes sobre:

a) Os expedientes disciplinarios que impliquen separación do servizo de funcionarios públicos da Administración da Comunidade Autónoma.

b) A modificación da estrutura, organización e composición do persoal ó servizo da Xunta.

3.^a.— Como órgano de documentación, ser oído e presta-lo seu apoio na elaboración de:

a) Proxectos de disposicións e actos de carácter xeral referentes ó persoal dependente da Administración da Comunidade Autónoma.

b) Bases xerais das convocatorias de probas selectivas de acceso para prazas vacantes e concursos de méritos para provisión de postos de traballo.

4.^a.— Emitir calquera outro informe en materia de persoal esixido pola normativa vixente ou a petición dos órganos superiores da Función Pública.

arquitecto técnico, Formación Profesional de terceiro grao ou equivalente.

Grupo C.— Título de bacharelato, Formación Profesional de segundo grao ou equivalente.

Grupo D.— Título de graduado escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente.

Grupo E.— Certificado de escolaridade.

2. Por cada grupo existirá un único corpo de administración xeral, no que se poderán establecer diferentes escalas, se así fose necesario por razóns de especialización.

Artigo 20

1. A creación, refundición, modificación ou supresión dos corpos e escalas deberase facer por Lei.

2. A Lei de creación deberá conte-los seguintes elementos:

a) Denominación do corpo e escalas de que, se é o caso, se compoñe.

b) Grupo no que se clasifica, titulación esixida para o ingreso e sistema de selección aplicable.

c) Funcións que deban desempeñalos seus componentes, que non se poderán corresponder coas atribuídas ós órganos da Administración.

3. Non se poderán crear novos corpos e escalas cando a súa titu-

Título IV

Organización da Función Pública

Capítulo I

Corpos de funcionarios

Artigo 19

1. Os funcionarios intégranse en corpos e escalas que, de acordo coa titulación esixida para o seu ingreso, se agrupan da seguinte forma:

Grupo A.— Título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Grupo B.— Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario

lación e funcións sexan idénticas ás doutros que xa existan.

Artigo 21

Os corpos de funcionarios dependerán organicamente da Consellería competente en materia de Función Pública, sen prexuício da que funcionalmente lles corresponda.

Capítulo II

O Rexistro de Persoal

Artigo 22

1. Na Consellería competente en materia de Función Pública haberá un Rexistro no que se inscribirá todo o persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma e no que se anotarán preceptivamente tódolos actos que afecten á vida administrativa do mesmo.

2. Non se poderán incluír en nómina novas remuneracións sen lle comunicar previamente ó Rexistro de Persoal a resolución ou acto polo que se recoñeceron.

3. O funcionamento do Rexistro de Persoal estará coordinado co das demais Administracións Públicas.

4. A utilización dos datos que consten no Rexistro de Persoal estará sometida ás limitacións previstas no artigo 18.4 da Constitución. Todo funcionario poderá acceder libremente ó seu expe-

diente persoal, no que non poderá figurar ningún dato relativo á súa raza, relixión ou opinión.

5. O Consello da Xunta de Galicia, a proposta do Conselleiro competente en materia de Función Pública, dictará as normas adecuadas para a organización e funcionamento do Rexistro de Persoal.

Artigo 23

A Xunta cooperará coas entidades locais na constitución dos seus Rexistros de Persoal cando aquelas carezan de suficiente capacidade financeira, e poderá delegar esta función nas Deputacións Provinciais.

Artigo 24

1. Na Lei de Presupostos da Comunidade figurarán os cadros de todo o persoal. O cadro de persoal estará formado polas prazas que figuran dotadas nos Presupostos, clasificadas en grupos de corpos e, dentro deles, de acordo coas escalas de cada corpo. Incluirá tamén o persoal eventual e laboral.

2. Os programas de gasto dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma incluírán o custo de tódolos postos de traballo asignados a cada unha das Consellerías e por cada un dos centros xestores.

3. Os cadros dos diferentes corpos e escalas da Administración da Comunidade Autónoma serán os que resulten dos créditos establecidos na Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma.

Capítulo III

Relación de postos de traballo, provisión e oferta de emprego público

Artigo 25

1. As Consellerías remitiranlle á Consellería competente en materia de Función Pública as relacións de postos de traballo correspondentes á súa estrutura orgánica, que conterán necesariamente os seguintes datos de cada posto:

a) Órgano ou dependencia ó que se adscribe.

b) Denominación e características esenciais, con indicación de se está ou non vacante.

c) Nivel e retribucións complementarias do persoal funcionario e categoría profesional e rexime xurídico aplicable ós postos que vai desempeña-lo persoal laboral.

d) Requisitos esixidos para o seu desempeño.

2. Os postos de traballo da Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos de carácter administrativo serán desempeñados por funcionarios públicos.

Exceptúanse da regra anterior e resérvanse a persoal laboral:

a) Os postos de natureza non permanente e aqueles nos que as súas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo.

b) Os postos nos que as súas actividades sexan propias de oficios.

c) Os postos correspondentes a áreas de actividades que requiran coñecementos técnicos especializados cando non existan corpos ou escalas de funcionarios nos que os seus membros teñan a preparación específica necesaria para o seu desempeño.

d) Os postos de carácter instrumental correspondentes ás áreas de mantemento e conservación de edificios, equipos e instalacións, e artes gráficas, así como os postos das áreas de expresión artística.

e) Os postos de traballo de organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo, agás aqueles que impliquen exercicio da autoridade, inspección ou control correspondente á Consellería á que estean adscritos, que se reservan a funcionarios.

3. As devanditas relacións serán públicas.⁽⁶⁾

Artigo 26

1. Os postos de traballo serán de adscrición indistinta para todos os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación desta Lei.

2. A adscrición con carácter exclusivo de determinados postos

(6) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 25 foi modificado polo artigo 1.º da Lei 4/1991; ó que, así mesmo, lle foi engadida unha letra f) no seu apartado 2 pola disposición adicional primeira de Lei 4/1993.

a funcionarios dun corpo concreto unicamente se poderá realizar cando se derive necesariamente da natureza do posto e das funcións asignadas ó mesmo para o seu desempeño. Será acordada polo Consello da Xunta de Galicia a proposta do Conselleiro competente en materia de Función Pública.

Artigo 27

Os postos de traballo vacantes proveranse polos seguintes procedementos:

1.— Concurso: constitúe o sistema normal de provisión e nel teranse en conta unicamente os méritos esixidos na convocatoria.

Consideraranse méritos preferentes, conforme se determine regulamentariamente, a valoración do traballo desenvolvido en anteriores postos, os cursos de promoción e perfeccionamento superados en Escolas de Administración Pública ou que sexan homologados pola propia Administración Autonómica, as titulacións académicas e a antigüidade.

Para tal efecto crearanse Comisións de valoración, e a súa composición e o seu funcionamento determinaranse regulamentariamente.

2.— Libre designación con convocatoria pública: por este sistema cubriranse aqueles postos que así se clasifiquen na relación de postos de traballo.

Serán anunciados no *Diario Oficial de Galicia* pola autoridade competente para os nomear, indicando tódolos datos contidos na relación de postos de traballo con referencia ó mesmo, a localidade onde se encontra o centro de traballo e os requisitos mínimos esixidos ós aspirantes.

Concederase un prazo mínimo de 15 días para presentar solicitudes.

3.— Anualmente, antes de proceder á oferta de emprego público, realizarase unha convocatoria dos postos de traballo vacantes, que poderán ser cubertos por funcionarios de tódalas Administracións Públicas, ó teor do disposto na presente Lei.⁽⁷⁾

Artigo 28

Serán de libre designación con convocatoria pública entre funcionarios os postos de traballo con nivel de complemento de destino comprendido entre 28 (inclusive) e 30, así como, excepcionalmente, outros de nivel inferior que, como tales, figuren na relación de postos de traballo.

Artigo 29

1. Os postos de traballo dotados presupostariamente incluídos na

(7) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 27 foi modificado polo artigo 1.º da Lei 4/1991 e así mesmo polo artigo 6 da Lei 3/1995.

relación que non poidan ser cubertos cos efectivos de persoal existentes constitúen a oferta de emprego público da Comunidade Autónoma.

2. A oferta de emprego deberá conter necesariamente tódalas prazas dotadas presupostariamente e que estean vacantes. Indicará tamén de entre elas as que deben ser obxecto de provisión no correspondente exercicio presupostario e as previsións temporais para o fornecemento das restantes.

3. Aprobada a Lei de Presupostos da Comunidade, a Xunta publicará a oferta anual de emprego público e procederá, dentro do primeiro trimestre seguinte á dita aprobación, a convocalas probas selectivas de acceso as prazas vacantes. Nas convocatorias indicárase o calendario preciso de realización das probas, que non deberán ter unha duración superior ós seis meses.

4. A publicación da oferta obriga ós órganos competentes a proceder á convocatoria das probas selectivas de acceso para as prazas vacantes comprometidas na mesma e ata un 10% adicional.⁽⁸⁾

(8) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 29 foi suspendido na súa vixencia para o ano 1994 pola disposición transitoria cuarta da Lei 1/1994 e modificado polo artigo 7 da Lei 3/1995.

Capítulo IV

O acceso á Función Pública

Artigo 30

Para ser admitido ás probas selectivas será necesario:

1.— Ser español.

2.— Estar en posesión da titulación suficiente ou estar en condicións de obtela na data en que termina o prazo de presentación das instancias para tomar parte nas probas selectivas.

3.— Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

4.— Ter cumpridos os 18 anos de idade, ou te-la idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que remate o prazo de presentación de instancias, e non excede-la idade establecida como máxima para o ingreso nun corpo ou escala.

5.— Cumprir os requisitos para exercer as funcións que dentro do corpo ou escala lle poidan ser encomendadas, conforme ó previsto regulamentariamente.⁽⁹⁾

Artigo 31

1. Tódalas convocatorias de probas selectivas publicaranse no

(9) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 30 foi modificado polo artigo 8 da Lei 3/1995.

Diario Oficial de Galicia e as súas bases, que vinculan ó órgano convocante e ó tribunal, deberán, en todo caso, conte-los seguintes elementos:

a) Número e características das prazas convocadas.

b) Condicións e requisitos que deben concorrer nos aspirantes.

c) Probas e programas de procedemento selectivo, así como sistemas e formas de calificación dos exercicios ou baremos de puntuación.

d) Composición do tribunal calificador ou, se é o caso, da comisión de selección.

e) Modelo de solicitude e importe dos dereitos de exame.

f) Características, efectos e duración dos cursos ou período de prácticas, ou ambos, que deban realizar, se é o caso, os seleccionados.

2. Nas convocatorias teranse en conta as condicións especiais de ingreso dos minusválidos na Función Pública.

Artigo 32

1. As probas selectivas serán teóricas e prácticas e deberán adecuarse ós postos de traballo que se vaian ocupar.

2. Os tribunais que xulguen as probas selectivas non poderán estar compostos maioritariamente por funcionarios dos corpos ou escalas de que se trate. Ningún membro

terá titulación inferior á esixida para ser admitido ás probas.

3. O Consello da Xunta de Galicia, a proposta do Conselleiro competente en materia de Función Pública, establecerá as bases e contidos mínimos obrigatorios dos programas para acceso ós distintos corpos e escalas da Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Artigo 33

Para garanti-lo dereito dos administrados ó uso do galego nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito da Comunidade Autónoma, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración Autónoma terase en conta o coñecemento da lingua galega.⁽¹⁰⁾

Artigo 34

O acceso á Función Pública e ós seus corpos ou escalas realizarase mediante concurso, oposición ou concurso-oposición libre, convocados publicamente e baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade, sen prexuício do que sobre a carreira administrativa se dispón na presente Lei.

Artigo 35

1. A oposición consistirá na superación de probas teóricas e

(10) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 33 foi modificado polo artigo único da Lei 8/1992.

prácticas esixidas na convocatoria pública, adecuadas ó exercicio da función, así como, se é o caso, na superación dun curso selectivo de formación.

2. As probas de selección deberán establecer de maneira que poidan manifestarse as condicións de aptitude e coñecemento que se consideren necesarias segundo a natureza da función e permitan fixar unha orde de prelación dos aspirantes seleccionados.

3. Os programas das probas de selección e, se é o caso, dos cursos de formación deberán procurar especialmente que as materias esixidas se correspondan co desenvolvemento posterior das tarefas que se van cumprir.

4. En casos determinados e xustificadas, os aspirantes poderán ser sometidos a un período de prácticas, conforme á convocatoria.

Artigo 36

1. A selección por concurso-oposición consistirá na superación das probas correspondentes e, se é o caso, do curso selectivo de formación, así como na posesión previa, debidamente valorada, de determinadas condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia.

2. A valoración dos ditos méritos ou nivel de experiencia non supoñerá, con relación ás probas selectivas, máis dun 40% da puntuación máxima alcanzable na fase

da oposición. Co fin de asegura-la debida idoneidade dos aspirantes, estes deberán superar, na fase de oposición, a puntuación mínima establecida para as respectivas probas selectivas.

3. Na fase de oposición serán de aplicación os criterios establecidos no artigo 35.

Artigo 37

O concurso, sistema excepcional de acceso para postos singulares en atención á natureza das funcións que se van desempeñar, valorará os méritos que se sinalen na convocatoria, que, en todo caso, debe ser pública e libre.

Artigo 38

Poderanse celebrar convocatorias de probas conxuntas de selección para o ingreso nos distintos corpos ou escalas.

Artigo 39

Os tribunais non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas. A contravención deste principio xera nulidade de pleno dereito da proposta do tribunal.

Artigo 40

A adxudicación de postos de traballo ós aspirantes que superaron o ingreso deberase realizar de acordo coas solicitudes que realicen os interesados, sempre segundo a orde obtida nas probas selectivas.

Artigo 41

1. Cando a convocatoria o estableza e unha vez aprobadas as probas selectivas, os aspirantes ó ingreso na Función Pública deberán superar un curso de selección ou formación na Escola Galega de Administración Pública adaptado á natureza de cada corpo ou escala ou un período de prácticas nunha unidade administrativa.

2. Durante este período serán nomeados funcionarios en prácticas cos dereitos económicos que se sinalen e o tempo que permanezan nesta situación computaráselles para tódolos efectos.

Capítulo V

Mobilidade dos funcionarios das diversas Administracións Públicas

Artigo 42

1. Garantírase no ámbito da presente Lei e de acordo coa lexislación básica do Estado o dereito á mobilidade dos funcionarios procedentes doutras Administracións Públicas de conformidade coas condicións e requisitos que se determinen previamente pola Xunta de Galicia nas relacións de postos de traballo.

2. Os funcionarios da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas e ós funcionarios das Corporacións Locais, comprendidos dentro do ámbito terri-

torial da Comunidade Autónoma galega, que, mediante os procedementos legalmente establecidos, pasen a ocupar postos de traballo na Administración Pública desta Comunidade Autónoma seralles de aplicación a lexislación da Función Pública da mesma.⁽¹¹⁾

Artigo 43

Os funcionarios da Comunidade Autónoma galega que, mediante concurso ou libre designación, pasen a ocupar postos noutras Administracións Públicas seguirán pertencendo ós seus corpos ou escalas de orixe na situación de servizos noutras Administracións Públicas, e mentres tanto seralles de aplicación a lexislación da Administración de destino coa excepción prevista no artigo 54.

Artigo 44

Os funcionarios transferidos á Comunidade Autónoma galega que, en virtude dos procedementos de concurso ou libre designación, pasen a ocupar postos de traballo noutras Administracións Públicas seguirán conservando a súa condición de funcionarios do Estado e da Comunidade Autónoma galega en situación administrativa de servizos noutras Administracións Públicas.

(11) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 42 foi modificado polo artigo 9 da Lei 3/1995.

Título V

Rexime xurídico da Función Pública

Capítulo I

Adquisición e perda da condición de funcionario

Artigo 45

A condición de funcionario adquirese polo cumprimento dos seguintes requisitos:

1.— Supera-las probas selectivas e os cursos de selección ou formación que sexan procedentes.

2.— Nomeamento conferido pola autoridade competente e publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

3.— Xurar ou prometer fidelidade á Constitución, ó Estatuto de Autonomía de Galicia e obediencia ás Leis, así como desempeñar con imparcialidade o exercicio da Función Pública.

4.— Tomar posesión no prazo de un mes a partir da publicación do nomeamento.

Artigo 46

A condición de funcionario pérdese por algunha das causas seguintes:

1.— Renuncia expresa, que non inhabilita para novo ingreso na Función Pública.

2.— Permanencia de máis de dez anos seguidos na situación de

excedencia voluntaria por interese do propio funcionario se non se solicitou previamente o reingreso.

3.— Separación do servicio, por resolución firme recaída en expediente disciplinario ou inhabilitación absoluta ou especial para cargo público acordada como pena principal ou accesoria en sentenza xudicial de carácter definitivo.

4.— Perda da nacionalidade española.

5.— Xubilación forzosa ou voluntaria.⁽¹²⁾

Artigo 47

1. A xubilación forzosa declararase de oficio ó cumprilo funcionario a idade de 65 anos.

2. Procederá tamén a súa xubilación, logo da instrución de expediente, que poderá iniciarse de oficio ou a instancia do funcionario interesado, cando se declare a incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións ben por inutilidade física ou psíquica ou por diminución apreciable das súas facultades.

En calquera caso será preceptiva a audiencia no expediente do funcionario interesado.

(12) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 46 foi modificado polo artigo 10 da Lei 3/1995.

Artigo 48

A xubilación voluntaria declara-se a instancia do funcionario conforme á lexislación vixente.⁽¹³⁾

Capítulo II

Situacións administrativas

Artigo 49

Os funcionarios poden estar nalgunha das seguintes situacións:

- a) Servicio activo.
- b) Servicios especiais.
- c) Servicios noutras Administracións Públicas.
- d) Excedencia voluntaria.
- e) Excedencia forzosa.
- f) Suspensión de funcións.⁽¹⁴⁾

Artigo 50

Os funcionarios están en situación de servicio activo:

1.— Cando ocupan unha praza dotada presupostariamente dun corpo ou escala e desempeñan un posto de traballo, en virtude da súa pertenza ós mesmos.

2.— Cando están en comisión de servicios de carácter temporal,

conferida pola súa Consellería, se esta se produce dentro do propio departamento, ou ben pola Consellería competente en materia de Función Pública.

3.— Cando quedan á disposición do órgano que regulamentariamente se determine de acordo co establecido no artigo 62.5.

4.— Nos supostos previstos no artigo 52 en que o funcionario opte por permanecer nesta situación.

Artigo 51

Por necesidade do servicio debidamente xustificada e de acordo cos criterios e condicións que se determinen regulamentariamente, oída a Comisión de Persoal, os órganos competentes poderán destinalo funcionario en comisión de servicios de carácter forzoso e por tempo non superior a tres meses a un posto de traballo distinto do de destino, e, se supuxese cambio de localidade, o funcionario terá dereito ás indemnizacións establecidas regulamentariamente.

Artigo 52

Os funcionarios públicos pasarán á situación de servicios especiais:

1.— Cando sexan autorizados para realizar unha misión por período superior a seis meses en organismos internacionais, Gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.

(13) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 48 foi modificado polo artigo 11 da Lei 3/1995.

(14) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 49 foi modificado polo artigo 12 da Lei 3/1995.

2.— Cando adquiran a condición de funcionarios ó servizo de organizacións internacionais ou de carácter supranacional.

3.— Cando sexan nomeados membros do Goberno ou dos órganos de goberno das Comunidades Autónomas ou altos cargos dos mesmos que non deban ser provistos necesariamente por funcionarios públicos.

4.— Cando sexan elixidos polas Cortes Xerais para formar parte dos órganos constitucionais ou doutros que lles corresponda ás Cámaras elixir.

5.— Cando sexan adscritos ós servizos do Tribunal Constitucional ou Defensor do Pobo.

6.— Cando accedan á condición de Deputado ou Senador das Cortes Xerais.

7.— Cando accedan á condición de membros das Asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas, se perciben retribucións periódicas polo desempeño da función.

Cando non perciban tales retribucións poderán optar entre permanecer na situación de servizo activo ou pasar á de servizos especiais, sen prexuício da normativa que dicten as Comunidades Autónomas sobre incompatibilidades dos membros de Asembleas lexislativas.

8.— Cando desempeñen cargos electivos retribuídos e de dedica-

ción exclusiva nas Corporacións Locais.

9.— Cando presten servizo nos gabinetes da Presidencia do Goberno, dos Ministros e dos Secretarios de Estado e non opten por permanecer na situación de servizo activo na súa Administración de orixe.

10.— Cando sexan nomeados para calquera cargo de carácter político do que se derive incompatibilidade para exercer-la Función Pública.

11.— Cando cumpran o servizo militar ou prestación substitutoria equivalente.

12.— Cando presten servizo nos gabinetes da Presidencia da Xunta ou dos Conselleiros e non opten por permaner na situación de servizo activo na súa Administración de orixe.

13.— Cando desempeñen postos de traballo de carácter directivo no gabinete do Presidente do Parlamento.

14.— Cando sexan adscritos ós servizos do Valedor do Pobo.

15.— Cando sexan nomeados membros do Consello de Contas de Galicia.⁽¹⁵⁾

(15) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 52 foi modificado polo artigo 13 da Lei 3/1995 e así mesmo pola disposición adicional novena da Lei 11/1996.

Artigo 53

1. Ós funcionarios en situación de servizos especiais computaráselle-lo tempo que permanezan en tal situación para os efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos e terán dereito á reserva de praza e destino que ocupasen, que poderá ser desempeñado mentres o funcionario estea en situación de servizos especiais ben en comisión de servizos, ben por un funcionario interino.

En tódolos casos recibirán as retribucións do posto ou cargo efectivo que desempeñen e non as que lles corresponden como funcionarios, sen prexucio do dereito á percepción de trienios que puidesen ter recoñecidos como funcionarios.

2. Os Deputados, Senadores e membros das Asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas que perdan tal condición por disolución das correspondentes Cámaras ou finalización do mandato das mesmas poderán permanecer na situación de servizos especiais ata a súa nova constitución.⁽¹⁶⁾

Artigo 54

Servizos noutras Administracións Públicas.

Os funcionarios da Comunidade que, por medio dos sistemas de

concurso ou de libre designación ou transferencia, se é o caso, pasen a ocupar postos de traballo noutras Administracións Públicas someteranse ó rexime estatutario vixente na Administración na que estean destinados e seralles de aplicación a lexislación en materia de Función Pública da mesma, pero conservarán a súa condición de funcionarios da Comunidade en situación de servizo noutras Administracións Públicas.

No suposto de estar incurso en expediente disciplinario, a imposición da sanción de separación do servizo corresponderalles ós órganos competentes da Comunidade Autónoma.

Artigo 55

Excedencia voluntaria.

a) Procederá declarar, de oficio ou a instancia de parte, en situación de excedencia voluntaria ós funcionarios cando estean en situación de servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das Administracións Públicas, a non ser que obtivesen a oportuna compatibilidade, ou pasen a prestar servizos en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar noutra situación.

b) Os funcionarios terán dereito a un período de excedencia voluntaria, non superior a tres anos, para atende-lo coidado de cada fillo, que se contará desde a data de nacemento deste. Os sucesivos

(16) Reprodúcese a versión orixinal. O artigo 53 foi modificado polo artigo 14 da Lei 3/1995.

fillos darán dereito a un novo período de excedencia que, se é o caso, poñerá fin ó que se viñese disfrutando. Cando o pai e a nai traballen, só un deles poderá exercer este dereito.

c) Poderáselles conceder igualmente a excedencia voluntaria ós funcionarios cando o soliciten por interese particular e non o impidan as necesidades do servicio.

A situación prevista neste punto non poderá declararse antes de completar tres anos de servicios efectivos desde que se accedeu ó corpo ou escala ou desde o reingreso, e nela non se poderá permanecer máis de dez anos continuados nin menos de dous anos.

d) Pasarán tamén á situación de excedencia voluntaria os funcionarios que cesasen na situación de servicios especiais e non soliciten o reingreso no servicio activo no prazo de 30 días desde tal cesamento, salvo no suposto previsto no parágrafo *in fine* do artigo 53.

Os funcionarios excedentes voluntarios non terán dereito a retribucións nin lles será computable o tempo permanecido en tal situación para os efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos.

Non se poderá conceder a excedencia voluntaria cando o funcionario estea sometido a expediente disciplinario ou pendente do cumprimento dunha sanción.

O excedente voluntario por interese particular ó que, solicitado o

seu reingreso, non se lle conceda por falta de posto vacante con dotación presupostaria continuará na situación de excedencia voluntaria ata que se produza o mesmo.⁽¹⁷⁾

Artigo 56

1. A excedencia forzosa producirase polas seguintes causas:

a) Cando se leve a cabo unha redución de postos de traballo de acordo cos procedementos legalmente establecidos e o funcionario afectado pola mesma non poida ser adscrito a outro posto.

b) Cando, unha vez concluído o período de excedencia voluntaria concedida para atenderlo coidado dun fillo, o funcionario solicite o reingreso e non o poida obter por falta de posto vacante con dotación presupostaria.

c) Cando o funcionario procedente da situación de suspenso en firme, unha vez cumprida a suspensión, solicite o reingreso e non fose posible concederllo por falta de postos vacantes.

2. Os que estean na situación a) terán dereito a percibir as súas retribucións básicas e o complemento de destino inferior en dous niveis ó seu grao persoal, así como ó pagamento do tempo que permanezan en tal situación para

(17) Reprodúcese a versión orixinal. O artigo 55 foi modificado polo artigo 15 da Lei 3/1995.

os efectos de trienios e dereitos pasivos.

Os que estean nas situacións b) e c) non terán dereito ó complemento de destino, pero o tempo que permanezan en tal situación seralles aboado para os efectos de trienios e dereitos pasivos.⁽¹⁸⁾

(19)

Artigo 57

1. A suspensión de funcións pode ter carácter provisorio ou firme. O funcionario declarado en tal situación quedará privado temporalmente do exercicio das súas funcións e dos dereitos inherentes á súa condición.

2. A suspensión provisoria poderá acordarse preventivamente por un período non superior a seis meses, durante a tramitación do procedemento xudicial ou do expediente disciplinario, por posible comisión de faltas graves, que lle instrúa ó funcionario a autoridade competente.

3. Durante o tempo de suspensión provisoria o funcionario percibirá as retribucións básicas que lle correspondan.

4. Se o funcionario resultase absolto no procedemento criminal ou expediente disciplinario, ou se

a sanción que se lle impuxese fose inferior á suspensión, o tempo de duración desta computaráselle como servizo activo e deberá reincorporarse inmediatamente ó seu posto de traballo, con recoñecemento de tódolos dereitos económicos e demais que procedan desde a data de efectividade da suspensión.

5. A suspensión terá carácter firme cando se imponha en virtude de condena criminal ou sanción disciplinaria.

6. Ós funcionarios en situación de suspensión de funcións con carácter firme non se lles reservará a praza nin o destino.

Artigo 58

1. O reingreso ó servizo activo dos que non teñan reservada a súa praza e destino verificarase con ocasión de vacante e respetando a seguinte orde de prelación:

- a) Excedentes forzosos.
- b) Suspensos.
- c) Excedentes voluntarios.

2. Os que estean na situación de excedencia forzosa ou de suspensión de funcións en firme, neste caso, ó cumpriren o tempo de suspensión, están obrigados a solicitarlo reingreso e deberán participar en cantos concursos se anuncien para a provisión de postos de traballo, e de non o faceren serán declarados na situación de excedencia voluntaria por interese particular.

(18) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 56 foi modificado polo artigo 16 da Lei 3/1995.

(19) Polo artigo 17 da Lei 3/1995 foille engadido un artigo 56 bis a esta lei.

Gozarán, por unha vez, de preferencia para ocupar algún dos postos de traballo vacantes existentes na localidade onde prestaban servizo cando se produciu o seu cesamento no servizo activo.⁽²⁰⁾

Artigo 59

Ós excedentes forzosos e suspensos concederáselle-lo reingreso ó servizo activo, de existiren vacantes, con carácter provisorio, ata que obteñan destino con carácter definitivo, a través de concurso de traslados.

Os reingresados provisorios teñen a obriga de participar no primeiro concurso de traslados e se non o fan serán declarados, de oficio, na situación de excedentes voluntarios.⁽²¹⁾

Capítulo III

A carreira administrativa

Artigo 60

1. A carreira administrativa consiste na promoción desde un corpo ou escala dun determinado grupo ós doutro inmediatamente superior, ou no ascenso dentro dos graos asignados ó mesmo corpo

(20) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 58 foi modificado polo artigo 18 da Lei 3/1995.

(21) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 59 foi modificado polo artigo 1.º da Lei 4/1991 e posteriormente polo artigo 19 da Lei 3/1995.

ou escala, ou no acceso a outro corpo ou escala do mesmo grupo.

2. Nas convocatorias das probas selectivas reservarase entre un mínimo dun 25% e un máximo dun 50% das vacantes convocadas para funcionarios pertencentes a corpos ou escalas de grupo inmediatamente inferior que posúan a titulación esixida e demais requisitos inherentes ás vacantes que se vaian cubrir e que prestasen tres anos de servizo na Administración da Comunidade Autónoma.

As prazas reservadas a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre.⁽²²⁾

Artigo 61

Os funcionarios poderán acceder a outros corpos ou escalas encadradas no mesmo grupo que teñan asignadas funcións substancialmente coincidentes no seu contido profesional e no seu nivel técnico, sempre que estean en posesión da titulación esixida en cada caso e superen as probas selectivas.

Poderán ser eximidos dalgunha das probas aqueles funcionarios que procedan da mesma área de especialización profesional cá correspondente ó corpo ou escala á que se pretende promocionar.

(22) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 60 foi modificado polo artigo 1.º da Lei 4/1991 e tamén foi modificado polo artigo 20 da Lei 3/1995.

Artigo 62

1. Todo funcionario posúe un grao persoal que corresponderá a un dos 30 niveis en que se clasifiquen os postos de traballo.

2. O grao persoal adquirese polo desempeño de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou durante tres con interrupción. Se durante o tempo en que o funcionario desempeña un posto se modifícase o nivel do mesmo, o tempo de desempeño computarase co nivel máis alto co que tal posto estivese clasificado.

Os funcionarios de novo ingreso comenzarán a consolidalo grao correspondente ó nivel do posto de traballo ó que sexan destinados.

3. A adxudicación, a solicitude voluntaria do funcionario, dun posto de traballo de nivel inferior ó correspondente ó seu grao persoal determinará a percepción das retribucións complementarias do posto de traballo realmente desempeñado.

4. Ningún funcionario poderá ser destinado a un posto en máis de dous niveis inferior ou superior ó correspondente ó seu grao persoal.

5. Excepcionalmente, e mentres non se cumpra o establecido no número anterior, o funcionario quedará á disposición do órgano que se determine regulamentariamente e que lle atribuirá o desempeño provisorio de postos de nivel inferior, dentro da localidade,

sempre no seu corpo ou escala. O funcionario ten dereito ó complemento de destino correspondente a un posto inferior en dous niveis ó seu grao persoal.

6. O tempo de permanencia na situación de servizos especiais será computado, para efectos de consolidación do grao persoal, como prestado no último posto desempeñado na situación de servizo activo ou no que posteriormente se obtivese por concurso.

7. A adquisición e os cambios de grao inscribíranse no Rexistro de Persoal logo do recoñecemento polo órgano competente.

8. Os graos superiores dos corpos ou escalas poderán coincidir cos inferiores do corpo ou escala inmediatamente superior.⁽²³⁾

Artigo 63

A adquisición dos graos superiores polos funcionarios dos corpos e escalas de cada grupo poderáz realizarse tamén mediante a superación de cursos de formación ou outros requisitos obxectivos que determine a Xunta, de conformidade co disposto no artigo 12, apartado 10.

(24)

(23) Reprodúcese a versión orixinal. O artigo 62 foi modificado polo artigo 1.º da Lei 4/1991.

(24) Polo artigo 21 da Lei 3/1995 foille engadido un artigo 63 bis a esta lei.

Capítulo IV Rexime retributivo

Artigo 64

1. As retribucións dos funcionarios son básicas e complementarias.

2. Son retribucións básicas:

a) O soldo, que se fixará en función do índice de proporcionalidade que se lle asigne a cada un dos grupos en que se organizan os corpos e escalas de funcionarios da Comunidade.

b) Os trienios, consistentes nunha cantidade igual para cada grupo, por cada tres anos de servizos no corpo ou escala.⁽²⁵⁾

c) As pagas extraordinarias, que serán de dúas ó ano por un importe mínimo cada unha delas de unha mensualidade de soldo e trienios, percibiranse os meses de xuño e decembro.

3. Son retribucións complementarias:

a) O complemento de destino correspondente ó nivel do posto que desempeñe. Este complemento figurará nas relacións de postos de traballo e será igual para todos os postos do mesmo nivel.

b) O complemento específico, destinado a retribuí-las condicións

particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis de un complemento específico a cada posto de traballo.

c) O complemento de produtividade, destinado a retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeñe o seu traballo.

A súa contía global non poderá exceder dunha porcentaxe sobre os custos totais de persoal de cada programa e de cada órgano que se determinará na Lei de Presupostos. O responsable da xestión de cada programa de gasto, dentro das correspondentes dotacións presupostarias, determinará, de acordo coa normativa establecida na Lei de Presupostos, a contía individual que lle corresponda, se é o caso, a cada funcionario.

A súa asignación realizarase conforme a criterios obxectivos establecidos regulamentariamente coa necesaria información e participación dos membros representantes do persoal.

En calquera caso, as cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público dos demais funcionarios do departamento e organismo interesado, así como dos representantes sindicais.

(25) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 2.b) do artigo 64 foi modificado pola disposición adicional quinta da Lei 1/1994.

d) As gratificacións por servizos extraordinarios, fóra da xornada normal, que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía e periódicas na súa percepción.

4. Os funcionarios percibirán as indemnizacións correspondentes por razón de servizo.⁽²⁶⁾

Artigo 65

1. As contías das retribucións básicas serán iguais para cada un dos grupos en que se clasifican os corpos ou escalas. O soldo dos funcionarios do grupo A non poderá exceder en máis de tres veces o soldo dos funcionarios do grupo E.

2. A contía das retribucións básicas, dos complementos de destino asignados a cada posto de traballo e dos complementos específicos e de produtividade, se é o caso, deberá reflexarse para cada exercicio presupostario na correspondente Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma.

Artigo 66

Os postos de traballo que esixan o mesmo nivel de titulación e que teñan no seu exercicio similar grao de dificultade terán os mesmos complementos de destino e específico se son semellantes as condicións de traballo.

(26) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 64 foi modificado polo artigo 22 da Lei 3/1995.

Artigo 67

O persoal laboral será retribuído conforme ó previsto na súa normativa e nos convenios colectivos, procurándose mediante un convenio-marco ou outros instrumentos a igualdade de retribucións para as tarefas que supoñan unhas mesmas condicións de preparación e unhas mesmas funcións.

Capítulo V

Licencias, vacacións e permisos

Artigo 68

Poderanse conceder licencias nos seguintes casos e condicións:

1.— Por matrimonio, o funcionario terá dereito a unha licencia retribuída de quince días naturais ininterrompidos.

2.— Por embarazo, nas condicións e duración previstas na lexislación xeral.

3.— Por asuntos propios poderanse conceder licencias sen retribución dunha duración acumulada que non poderá exceder de tres meses cada dous anos. A concesión de licencias por asuntos propios subordinarase, en todo caso, ás necesidades do servizo.

4.— As licencias por enfermidade fixaranse de acordo co rexime da Seguridade Social ó que pertenza o funcionario.

5.— Poderanse conceder licencias para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración Pública, logo do informe favorable do superior xerárquico, e o funcionario terá dereito a percibi-las retribucións básicas e mailo complemento familiar.

Artigo 69

1. Os funcionarios terán dereito a disfrutar, durante cada ano completo de servizo activo, unha vacación retribuída de un mes, ou os días que en proporción lles correspondan se o tempo de servizo foi menor.

2. O calendario de vacacións elaborárase anualmente e teranse en conta as necesidades do servizo, oídos os órganos de representación dos funcionarios.

Artigo 70

1. Concederanse permisos polas seguintes causas xustificadas:

a) Polo nacemento dun fillo e pola morte ou enfermidade grave dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, dous días cando o suceso se produza na mesma localidade e catro días cando sexa en localidade distinta.

b) Por traslado de domicilio sen cambio de residencia, un día.

c) Para realizar funcións sindicais, de formación sindical ou de representación do persoal, nos termos legalmente establecidos.

d) Para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude e avaliación en centros oficiais, durante os días da súa celebración.

e) O funcionario cun fillo menor de nove meses terá dereito a unha hora diaria de ausencia do traballo. Este período de tempo poderase dividir en dúas fraccións ou substituírse por unha redución de xornada de media hora.

f) Quen, por razóns de garda legal, teña ó seu coidado directo algún menor de seis anos ou un diminuído psíquico ou físico que non desempeñe actividade retribuída terá dereito a unha diminución de un tercio ou un medio da xornada de traballo coa redución proporcional das súas retribucións.

2. Poderase conceder permiso polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal.

3. Poderase dispoñer de ata nove días ó ano, como máximo, de permiso para asuntos persoais sen xustificación, atendendo sempre ás necesidades do servizo.⁽²⁷⁾

Artigo 71

Os funcionarios que exerciten o dereito de folga non terán dereito a percibir nin percibirán as retribucións.

(27) Reprodúcese a versión orixinal. O artigo 70 foi modificado polo artigo 23 da Lei 3/1995.

cións correspondentes ó tempo que permanezan nesta situación, sen que a dedución de haberes que se efectúe teña, en ningún caso, carácter de sanción disciplinaria nin afecte ó rexime respectivo das súas prestacións sociais.

Capítulo VI

Seguridade Social

Artigo 72

O rexime de Seguridade Social e dereitos pasivos do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia regularase pola normativa estatal que lle resulte de aplicación.

(28)

Disposición adicional primeira

Créanse na Comunidade Autónoma os seguintes corpos de funcionarios:

A) De administración xeral:

1.— Corpo superior de administración da Xunta, do grupo A, que desempeñará funcións de natureza administrativa, de dirección, estudo, coordinación, inspección, control e programación.

2.— Corpo de xestión de administración da Xunta, do grupo B, que realizará funcións de colaboración en actividades administrati-

vas de nivel superior, así como tarefas propias de xestión administrativa que non correspondan ó nivel superior e sexan propias da titulación do grupo B.

3.— Corpo administrativo da Xunta, do grupo C, que desenvolverá actividades administrativas de xestión, tramitación e colaboración preparatorias, complementarias e derivadas das funcións superiores.

4.— Corpo auxiliar da Xunta, do grupo D, que realizará tarefas de taquigrafía, mecanografía, rexistro e despacho de correspondencia, cálculo, manexo de máquinas e outras funcións semellantes.

5.— Corpo subalterno da Xunta, do grupo E, que desempeñará funcións ordinarias de vixilancia, custodia, reparto de correspondencia e documentación, transporte manual, centraliña, reprografía e outras semellantes.

B) De administración especial:

1.— Corpo facultativo superior da Xunta, do grupo A, que realizará actividades profesionais para o desempeño das cales se precise unha titulación específica de índole superior.

2.— Corpo facultativo de grao medio da Xunta, do grupo B, que exercerá funcións profesionais para o desempeño das cales se requira unha titulación específica de grao medio.

3.— Corpo de axudantes facultativos da Xunta, do grupo C, que

(28) Polo artigo 2.º da Lei 4/1991 foille engadido un artigo 73 a esta lei.

desempeñará funcións de execución, colaboración e apoio ós corpos facultativos de grao superior e medio, no exercicio da súa específica titulación académica ou profesional.

4.— Corpo de auxiliares técnicos da Xunta, do grupo D, que realizará funcións específicas correspondentes ó seu nivel de titulación que non teñan carácter xeral ou común.

Disposición adicional segunda

Os funcionarios transferidos do Estado á Comunidade integraranse, por acordo da Xunta, nos corpos e escalas relacionados na Disposición Adicional primeira de acordo coas seguintes normas:

A) Nos corpos de administración xeral:

1.— No corpo superior de administración da Xunta, os funcionarios pertencentes a aqueles corpos e escalas para o ingreso nos cales lles foi esixida a titulación académica requirida nesta Lei para o ingreso no grupo A e que teñen ou tiveron atribuídas funcións semellantes ou equiparables ás do citado corpo.

2.— No corpo de xestión de administración da Xunta, os funcionarios pertencentes a aqueles corpos ou escalas para o ingreso nos cales lles foi esixida a titulación académica requirida nesta Lei para o ingreso no grupo B e que teñen ou tiveron atribuídas funcións semellantes ou equiparables ás do citado corpo.

3.— No corpo administrativo da Xunta, os funcionarios pertencentes a aqueles corpos ou escalas para o ingreso nos cales lles foi esixida a titulación académica requirida nesta Lei para o ingreso no grupo C e que teñen ou tiveron atribuídas funcións semellantes ou equiparables ás do citado corpo.

4.— No corpo auxiliar da Xunta, os funcionarios pertencentes a aqueles corpos e escalas para o ingreso nos cales lles foi esixida a titulación requirida nesta Lei para o ingreso no grupo D e que teñen ou tiveron funcións semellantes ou equiparables ás do citado corpo.

5.— No corpo subalterno da Xunta, os funcionarios pertencentes a aqueles corpos e escalas para o ingreso nos cales lles foi esixida a titulación académica requirida nesta Lei para o ingreso no grupo E e que teñen ou tiveron atribuídas funcións semellantes ou equiparables ás do citado corpo.

B) Nos corpos de administración especial:

1.— No corpo facultativo superior da Xunta, os funcionarios ós que lles foi esixida, para ingresaren no corpo ou escala de procedencia, a titulación académica requirida nesta Lei para o ingreso no grupo A e que desempeñen funcións obxecto da súa profesión específica.

2.— No corpo facultativo de grao medio da Xunta, os funciona-

rios ós que lles foi esixida, para ingresaren no corpo ou escala de procedencia, a titulación académica requirida nesta Lei para o ingreso no grupo B e que desempeñen funcións obxecto da súa profesión específica.

3.— No corpo de axudantes facultativos da Xunta, os funcionarios ós que lles foi esixida, para ingresaren no corpo ou escala de procedencia, a titulación académica requirida nesta Lei para o ingreso no grupo C e que desempeñen funcións obxecto da súa profesión específica.

4.— No corpo de auxiliares técnicos da Xunta, os funcionarios ós que lles foi esixida, para ingresaren no corpo ou escala de procedencia, a titulación académica requirida nesta Lei para o ingreso no grupo D e que desempeñen funcións obxecto da súa profesión ou oficio específico.

Disposición adicional terceira

1. Decláranse a extinguir todas as prazas transferidas non escalafonadas de funcionarios. O Consello da Xunta de Galicia procederá a integralas nos corpos ou escalas que esixan igual titulación académica e teñan as mesmas funcións, logo de informe do Consello Galego da Función Pública.

2. O persoal transferido como varios sen clasificar será clasificado mediante Decreto que determinará, de acordo coa natureza das súas funcións e titulación

académica esixida, a súa integración en corpos ou escalas de funcionarios da Comunidade Autónoma ou en cadros de persoal laboral, con recoñecemento da súa antigüidade.

3. Os funcionarios transferidos á Comunidade Autónoma ou procedentes doutras Administracións Públicas incorporados á mesma en virtude de oferta de emprego público ou de concursos permanentes de traslado que, ó entrar en vigor esta Lei, teñan asignado pola súa Administración de orixe un índice de proporcionalidade correspondente a un determinado grupo dos establecidos no artigo 19 e carezan da titulación académica esixida para iso integraranse na escala a extinguir que para cada corpo, se é o caso, se cree para o efecto.⁽²⁹⁾

Disposición adicional cuarta

1. No non previsto nesta Lei, o persoal funcionario transferido da Administración da Seguridade Social determinado na Disposición Adicional dezaseis da Lei 30/1984, do 2 de agosto, seguirase rexendo polas súas normas estatutarias, ata que se estableza o sistema de homologación co resto dos funcionarios.

2. O persoal da Seguridade Social regulado no estatuto xurídico

(29) Reprodúcese a versión orixinaria. A disposición adicional terceira foi modificada polo artigo 24 da Lei 3/1995.

co do persoal médico da Seguridade Social, no estatuto do persoal auxiliar sanitario titular e auxiliar de clínica da Seguridade Social, no estatuto do persoal non sanitario ó servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social, así como o dos corpos e escalas sanitarias e de asesores médicos ós que se refire a Disposición Adicional dezaseis da Lei 30/1984, do 2 de agosto, rexeranse polos seus estatutos respectivos mentres non se dicte a correspondente lexislación específica para adaptalos a esta Lei, podendo ocupar os postos de traballo de ámbito sanitario de conformidade co que se determina nas correspondentes relacións de postos de traballo.

Disposición adicional quinta

En desenvolvemento do disposto no artigo 17.2 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, os funcionarios das Corporacións Locais da Comunidade Autónoma de Galicia que, á entrada en vigor da presente Lei, estivesen desempeñando postos de traballo na Administración desta Comunidade deberán optar, no prazo de tres meses desde a súa vixencia, por integrarse plenamente na organización da Función Pública autonómica e agruparase nos corpos que proceda e, en todo caso, nos grupos establecidos no artigo 19 da presente Lei. De teren a condición de funcionarios con habilitación de carácter nacional, seralles de aplicación a lexislación vixente.

Disposición adicional sexta

Os dereitos, deberes, responsabilidades e rexime disciplinario dos funcionarios regularanse polo seu estatuto. Namentres aplicárase a lexislación vixente.⁽³⁰⁾

Disposición transitoria primeira

No prazo de seis meses o Consello da Xunta de Galicia procederá á clasificación e valoración de todos os postos de traballo da Comunidade Autónoma, determinando cales deben ser desempeñados por funcionarios e cales por persoal eventual ou laboral. Tal clasificación deberá someterse á consulta da Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma.

Feita a clasificación, procederase á aprobación da relación dos postos de traballo.

Disposición transitoria segunda

1. O persoal contratado laboral fixo que ocupe postos de traballo que, pola natureza das súas funcións, deban ser desempeñados por funcionarios poderá acceder á condición de funcionario, se voluntariamente optase por iso a

(30) Polo artigo 4.º da Lei 4/1991 foille engadida unha disposición adicional sétima a esta lei. Polos artigos 25, 26, 27 e 28 da Lei 3/1995 fóronlle engadidas as disposicións adicionais oitava, novena, décima e décimo primeira. Esta última disposición adicional décimo primeira foi modificada pola disposición adicional décima da Lei 11/1996.

través da superación dun concurso-oposición libre, no que se valorarán os servizos efectivos prestados, tendo en conta os criterios de mérito e capacidade.

2. A valoración dos servizos prestados aplicarase consuntivamente en tres convocatorias consecutivas e durante o tempo de tramitación das mesmas, así como despois da derradeira no caso de non superala, o devandito persoal manterá coa Administración o seu vínculo laboral que lle outorga o dereito ó desempeño dun posto de traballo de análogas condicións e na mesma localidade onde veña prestando os seus servizos.⁽³¹⁾

Disposición transitoria terceira

1. O persoal transferido polo Estado, tanto en rexime de contratación administrativa coma interino, e o persoal interino seleccionado a través das oportunas probas convocadas pola Xunta, así como os contratados administrativos en situación de expectativa de acceso á Función Pública conforme ó Decreto 57/1983, do 6 de abril, que estean ó servizo desta Comunidade Autónoma á entrada en vigor da presente Lei poderán acceder á condición de funcionario mediante a participación e superación dun concurso-oposi-

ción libre, a convocatoria do cal deberá respectar os criterios de mérito e capacidade e no que se valorarán os servizos efectivos prestados.

2. O persoal que non supere a devandita proba selectiva terá dereito á valoración dos servizos prestados noutras dúas convocatorias consecutivas, e a continuar prestando, mentres non se celebren, servizos en calidade de interino. Tal situación non condicionará a consideración de vacante do posto de traballo que viñese desempeñando.

3. Os funcionarios da Comunidade Autónoma que reúnan os requisitos necesarios poderán participar igualmente na mesma proba, valorándose-lles os servizos prestados e outros méritos ata un 45% do máximo acadable, que será aplicable consuntivamente e no mesmo número de convocatorias sinalado no parágrafo anterior.⁽³²⁾

Disposición transitoria cuarta

1. A puntuación obtida na valoración dos servizos prestados polo persoal a que se refiren as Disposicións Transitorias segunda e terceira en ningún caso poderá exceder do 45% do máximo acadable nas probas selectivas correspondentes, a razón do 0,75% por

(31) Reprodúcese a versión orixinal. A disposición transitoria segunda foi deixada sen contido polo artigo 3.º da Lei 4/1991.

(32) Reprodúcese a versión orixinal. A disposición transitoria terceira foi deixada sen contido polo artigo 3.º da Lei 4/1991.

mes de servicios, e será aplicable consuntivamente polo tribunal.

2. Ó devandito persoal, no suposto de acceder á condición de funcionario, seranlle recoñecidos para efectos de trienios e antigüidade, os servicios prestados con anterioridade en calquera Administración Pública.

3. O propio persoal, ó superalas probas selectivas, accederá á condición de funcionario en postos base dentro do grupo no que se integre.

Para estes efectos, e sen prexuício do establecido no artigo 27.3 desta Lei, con posterioridade á celebración da primeira proba de acceso, convocarase un concurso interno de traslados no que se ofertarán tódalas xefaturas, niveis de destino singularizados e demais postos de traballo que resultasen vacantes.

4. En evitación dunha mobilidade contraria ós intereses do servizo en tanto non se resolva o concurso a que alude o apartado anterior, o persoal que acceda á condición de funcionario, así como o que se mantenga na situación de interino a teor do establecido na Disposición Transitoria terceira, parágrafo segundo, continuará prestando servizo na mesma localidade e departamento no que o viña facendo.⁽³³⁾

(33) Reprodúcese a versión orixinaria. A disposición transitoria cuarta foi deixada sen contido polo artigo 3.º da Lei 4/1991.

Disposición transitoria quinta

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Lei, crearase unha escala específica adscrita á Consellería de Pesca para a realización das funcións encomendadas a esta no ámbito das corporacións de dereito público que ten tuteladas.

O persoal que prestase servicios nestas corporacións de acordo cos requisitos establecidos na lexislación laboral vixente, poderá participar nas probas selectivas que se convoquen para o efecto para cubri-las prazas correspondentes á devandita escala. Nas citadas probas teranse en conta os servicios efectivos prestados polo antedito persoal dentro do respecto ós criterios constitucionais de mérito e capacidade.

Disposición transitoria sexta

Os funcionarios que como consecuencia da aplicación do rexime retributivo establecido na Lei 30/1984, do 2 de agosto, experimenten unha diminución das súas retribucións anuais terán dereito a un complemento persoal e transitorio pola diferenza, absorbible en futuras melloras, segundo os criterios que sinale a Lei de Presupostos da Comunidade.

Disposición transitoria sétima

1. O persoal funcionario adquirirá o grao persoal previsto por esta Lei a partir do 1 de xaneiro de 1985.

2. Aqueles funcionarios que desempeñen durante un prazo de

dous anos un posto de nivel superior ó do que se lles asigne no seu corpo ou escala adquirirán como grao persoal o superior dos que lle correspondan ó seu corpo ou escala.

3. Cando un posto de traballo resultase clasificado cun nivel superior a aquel con que foi transferido o funcionario que o viña desempeñando desde o 1 de xaneiro de 1985, este adquirirá o grao co que se clasifique o citado posto de traballo.

4. O funcionario que se considere prexudicado na asignación do seu grao persoal poderá solicitar a revisión de tal asignación conforme a criterios obxectivos baseados no tempo de servizos efectivos prestados no seu corpo ou escala e no nivel dos postos desempeñados. Para tal efecto o órgano competente resolverá nun prazo máximo de dous meses, logo de informe da Comisión de Persoal.

Disposición transitoria oitava

1. A primeira oferta de emprego público, na que se incluírán as probas de acceso á condición de funcionario previstas nas Disposicións Transitorias anteriores segunda e terceira, convocarase no prazo máximo de tres meses a partir da publicación da relación de postos de traballo á que se alude na Disposición Transitoria primeira.

2. Con anterioridade á realización da devandita oferta de emprego público, convocarase un concurso de provisión de tódolos postos de traballo que, de acordo

coa relación dos mesmos, non estean ocupados por funcionarios, valorándose especialmente os servizos prestados na Administración Autonómica.⁽³⁴⁾

(35)

Disposición derradeira primeira

Autorízase á Xunta de Galicia para dicta-las normas de carácter regulamentario e demais disposicións que sexan necesarias en desenvolvemento desta Lei.

Disposición derradeira segunda

Esta Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as normas da Comunidade Autónoma de Galicia que se opoñan a esta Lei.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 1988

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente

(34) Reprodúcese a versión orixinaria. A disposición transitoria oitava foi deixada sen contido polo artigo 3.º da Lei 4/1991.

(35) Polo artigo 3.º da Lei 4/1991 fóronlle engadidas a esta lei as disposicións transitorias novena, décima, décimo primeira, décimo segunda, décimo terceira e décimo cuarta. Esta última foi modificada polo artigo 29 da Lei 3/1995.

Polos artigos 30 e 31 da Lei 3/1995 fóronlle engadidas as disposicións transitorias décimo quinta e décimo sexta.